




Presentación do ensaio:

'España. En busca de un relato'

Autor: Manuel Artime Omil

Interveñen: Lourenzo Fernández Prieto (Catedrático de Historia Contemporánea da USC), Antón Baamonde (Profesor de Filosofía no I.E.S. Xelmírez I) e Manuel Artime.

Día: 7 de Xuño de 2017.

Hora: 20 h.

Lugar: Librería Couceiro (Praza de Cervantes, 6, Santiago de Compostela).

Da obra España vive hoxe aínda baixo os efectos da crise económica dos últimos anos. A recesión e o empobrecemento trouxeron consigo o espertar dunha insatisfacción, que puxo en dúbida as institucións e os usos políticos con que viña funcionando a nosa democracia. Esta crise adquiriu indefectiblemente unha dimensión política e ata narrativa, é xa unha crise de réxime e de relato. Supuxo o

esborrallamento da armazón política e cultural do 78, e daquela epopea sobre a reconciliación e a transición exemplar, que servira de base para construír a lexitimidade da democracia española.

A revisión do presente baixo a lupa da historia ten unha longa tradición entre os españois, quen episódicamente denunciámos a fragilidade do itinerario político e cultural en curso e tornámos a mirada ao pasado en busca de novos referentes, doutros fitos, novos fíos de continuidade histórica. A miúdo, este andar ás voltas coa historia, foi visto como un exercicio estéril, un exceso de criticismo ou como un capricho literario; en ocasións ata, se lle sinala como o inicio dunha deriva temeraria, unha frivolidade irresponsable, xerme das nosas maiores catástrofes.

Esta emerxencia recorrente do “problema de España” pode ser vista doutro xeito, non obstante, como a oportunidade para recuperar certa conciencia histórica, para facer explícitas as limitacións e conflitos inherentes á cultura política establecida, para denunciar -diríamos hoxe- ese “teito de cristal” que é o imaxinario do 78 para a democracia española.

Do autor Manuel Artime Omil (Pontevedra 1977) é Doutor en Filosofía pola UNED e Licenciado en Filosofía pola mesma universidade. O seu traballo de investigación remite ao ámbito da filosofía política e filosofía da historia. Interesouse polo estudo dos usos políticos da historia e, de xeito particular, polo debate intelectual e historiográfico en torno ao relato nacional español. Colaborou en diversas obras colectivas e é autor da tese ‘Sobre los usos políticos de la memoria. La actualidad del Problema de España’, dirixida por Antonio García-Santesmases.